

# CIRCULAR

INFORMATIVA DO  
COLEXIO OFICIAL DE  
PSICOLOXÍA DE GALICIA

ESPECIAL GIPCE





## Editorial

---

### **O GIPCE ou cando do traballo sae de todo**

A psicoloxía de emerxencias naceu, medrou, madurou, e seguramente siga madurando, de forma “traumática”. As grandes traxedias son as que parece que amparan o noso desenvolvemento.

A historia traumática do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) empeza no 1996 cos terremotos de Triacastela e coa catástrofe de Biescas, continúa cos atentados do 11-M no 2004 e desemboca no accidente do tren Alvia do pasado 24 de xullo en Santiago de Compostela. Había case 40 anos que non acontecía nada de tal magnitude na nosa Comunidade e para a psicoloxía de emerxencias en Galicia será efectivamente un novo momento evolutivo “traumático”. En cada unha destas traxedias, o noso Grupo mudou e medrou ata chegar a este punto da nosa historia; e nós, a nivel profesional, mudamos e crecemos con el. Imposible que un Grupo creza se non medran os seus membros.

Para todos e todas os que vos sorprenderedes ao descubriros neste momento e os que xa sabíades da nosa existencia pero non da nosa capacidade, queremos que entendades mellor o que foi e o que é o GIPCE.

O GIPCE foi e é compromiso co traballo. Do traballo continuo, constante, responsable e comprometido destes 17 anos saíu o labor desenvolvido no accidente de tren. Anos de grandes esforzos en formación, de cumprimento de esixencias internas, de entradas e saídas de compañeiros e compañeiras, de aumento das intervencións... Sempre co obxectivo na mente de seguir madurando e avanzando. De ser os mellores profesionais posibles.

No GIPCE non queremos evolucionar de forma “traumática”. Queremos que o noso traballo cotián sexa o que nos defina. O que nos presente e represente. O que fale por nós. Porque o noso labor é a nosa mellor defensa. A nosa mellor contribución a este ámbito de actuación.

Porque do traballo sae todo. Do traballo continuo, constante, responsable, comprometido.

O noso traballo non é o que retransmiten os medios de comunicación nunha gran traxedia. O noso traballo é o das trincheiras, o que non se ve, o que levamos desenvolvendo caladamente desde hai mais de tres lustros. O noso día a día é o inmenso labor de sostén do Grupo á conta do tempo libre. Son as chamadas nos festivos, na madrugada, cando estás cos/coas amigos/as ou coa familia. Cando estás descansando, cando menos o esperas ou che apetece. Compaxinando todo isto cos traballos que nos dan de comer. E coa nosa familia, que nos comparte resignadamente. O noso día a día é o trato continuo coa dor. Pero tamén o agradecemento mais sincero, o das familias e afectados. Isto é o que realmente nos alimenta para seguir, a non conformarnos coa nosa realidade. O que nos anima a seguir na procura do mellor labor posible. Como profesionais.

Esta é a parte real, continua e cotiá do noso Grupo. A cara oculta da lúa. A realidade que nos define, que nos motiva a crecer e que nos mantén. A que nos define a todos/as os/as GIPCEs. A realidade á que volvemos. A realidade que nos volverá acompañar.

Porque como alguén moi querido que xa non está me ensinou, do traballo sae todo.

## O GIPCE

# O GIPCE: nacemento, desenvolvemento e consolidación

---

O GIPCE é un grupo formado por psicólogos e psicólogas colexiados/as que se puxo en marcha en 1996, con profesionais especializados/as na atención psicolóxica en situacións de catástrofe e emerxencia. Coa súa intervención procura minimizar o impacto nas persoas afectadas, restaurando as súas capacidades e os seus recursos para que poidan resolver o máis eficazmente a situación de estrés e previr posibles problemas psicolóxicos posteriores. Tamén asesora á dirección da emerxencia sobre o impacto psicolóxico das súas actuacións nos colectivos afectados e intervéñen cos/coas profesionais e voluntarios/as para diminuír o nivel de estrés tanto durante como despois dunha intervención.

Na nosa Comunidade, o interese pola influencia destes sucesos na poboación comeza co embarrancamento do Casón na costa de Fisterra no ano 1987. Os movementos sísmicos en zonas de Lugo e Ourense en 1996 son os que acaban dando o empuxón definitivo á creación do que se chamou Grupo de Protección Civil, formado por 8 membros.

O número de integrantes permanece case sen variación ata que en 2004, a raíz dos atentados do 11-M, se pensa en crear unha REDE de profesionais expertos/as espallado/as por toda a Comunidade, para dar unha mellor e máis rápida resposta ante calquera eventualidade que exceda os recursos habituais. Ábrese entón o Grupo chegando a acadar 87 membros, producíndose un salto cualitativo e cuantitativo para o GIPCE.

Esta entrada de novas caras chega tamén no ano 2005 á Comisión Coordinadora. Novos membros toman o relevo, e a finais de 2006 este relevo chega á coordinación do Grupo. O noso apreciado compañeiro Miguel Anxo García Álvarez pasa o testemuño a Ana Isabel Martínez Arranz, que é quen coordina o GIPCE desde entón.

A plena operatividade do GIPCE comunicase ao 112 en xullo de 2006. Desde esta data cubrimos as 24 horas dos 365 días do ano a través dun teléfono de contacto directo. Ata finais dese



*O GIPCE no simulacro de Cabo Prior en 2005*

ano as quendas de garda recaen nos membros da Comisión Coordinadora. A partir de aí créase o **Grupo de Gardas**, composto por uns/unhas 15 GIPCEs que son os/as que, en quendas de 7 días, cobren a atención de todo o ano desde entón.

En 2008 vólvese abrir o Grupo novamente, pasando esta vez dos 50 que estabamos por entón a 71. Ata este ano a actividade do Grupo é esencialmente voluntaria. A partir desta data comeza a nosa profesionalización, é dicir, a remuneración polo traballo desenvolvido nas intervencións en función da dotación anual do convenio asinado con Protección Civil da Xunta de Galicia.

Un novo punto de inflexión no Grupo témolo en xullo de 2011. Nesta data acórdase a integración do GIPCE nos protocolos de activación do 112, o que supón un incremento directo das intervencións. Esta maior actividade permítenos comprobar a resposta real que temos e tamén acumular unha experiencia sobre o terreo que cremos fundamental no accidente de tren Alvia do pasado 24 de xullo en Santiago de Compostela.

Pero a boa resposta do Grupo no accidente non se tería conseguido sen o empeño e esforzo de todos estes anos. Esforzo en conseguir capacitarnos o mellor posible. Empeño no deseño de plans formativos anuais obrigatorios, esforzo na elaboración e na edición dos protocolos de actuación nos distintos ámbitos, na creación de grupos específicos de traballo (Grupo de simulacros, Grupo de Apoio a Intervententes, Grupo de intervención en centros escolares...), na elaboración e na edición de documentación externa (para afectados coa *Guía de autoaxuda para persoas afectadas por situacións críticas* e tamén coa vindeira edición da que será *Guía de autocoidado para intervententes de situacións críticas*), na participación nos simulacros para os que se nos solicita, na impartición de formación para outros profesionais, na elaboración do plan de emerxencias interno do COPG e dos plans de emerxencias externos das distintas empresas da nosa comunidade para as que nos require a Xunta de Galicia... Estes traballos nos plans de emerxencias, interno e externos, foron tamén fundamentais á hora da intervención no accidente de tren. A intervención no accidente de tren Alvia supuxo a activación de todos os membros do Grupo nos distintos escenarios, e a pesar da magnitude do suceso, o dispositivo foi suficiente e funcionou



correctamente en todo momento. Nesta Circular veremos unha parte de todo o traballo que os membros do GIPCE estiveron realizando durante os días do accidente, e tamén o labor que se seguiu desempeñando nas semanas posteriores.

**Grazas a todo o traballo de todos estes anos na actualidade o GIPCE é unha REDE DE PROFESIONAIS capaz de dar unha resposta eficaz as 24 horas do día durante os 365 días do ano na nosa comunidade.**

## Instantáneas

### Instantáneas da intervención do GIPCE no accidente de tren

---

Dentro do dispositivo xeral posto en marcha pola Dirección Xeral de Emerxencias da Xunta de Galicia, encárgaselle ao GIPCE a coordinación do dispositivo de atención psicolóxica aos afectados da emerxencia (vítimas, familiares, intervinientes...), incorporando nesta coordinación os diferentes grupos de intervinientes dedicados a este fin.

A gran magnitude do accidente do tren Alvia, cun alto número de vítimas, fixo necesaria a intervención do GIPCE en diferentes escenarios, tanto no momento da traxedia como nos días posteriores á mesma, co obxectivo de cubrir as necesidades e demandas psicolóxicas de persoas afectadas directas e indirectas, veciños/as de Angrois, familiares e intervinientes.

Estes son varios dos momentos representativos da intervención:

- Un primeiro momento que recollería as **primeiras 48 horas do accidente**, onde a actividade se centra na atención das familias e tamén dos/as veciños/as de Angrois. Os escenarios desta intervención foron principalmente na zona cero, nas estacións de tren da Coruña e Ferrol, no edificio CERSIA e no Multiusos do Sar en Santiago de Compostela.
- Un segundo momento que abarcaría **desde o terceiro día**, o sábado 27 de xullo, **ata o sétimo día**, o mércores día 31 de xullo. A intervención aquí dirixiuse aos familiares e aos veciños, pero tamén ás persoas afectadas directas do accidente e a algún interviniente. O escenario de intervención é xa nos propios domicilios fundamentalmente, aínda que tamén

houbo no Xulgado e noutros sitios distintos a estes. O día 31 derívase a atención definitivamente aos servizos normalizados a través dun protocolo de atención rápida proposto á Consellería de Sanidade.

- **A comunicación da identificación de novos restos** na primeira semana de agosto. A intervención foi por encargo do Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA) e a intervención foi nos domicilios nos casos nos que así se puido facer, e por teléfono nos que tiñan domicilio fóra de Galicia.

- **O coidado dos/as intervinientes.** Que se estende durante os meses de agosto e setembro. Neste período, a intervención está dirixida ao coidado dos distintos grupos de intervinientes, especialmente os que estiveron na zona cero, e tamén ao autocoidado do propio Grupo.

- **A representación do GIPCE nos distintos actos institucionais** realizados: o acto de recoñecemento dos Príncipes de Asturias ao labor dos profesionais o día 26, o funeral relixioso do día 29 e o acto civil de Bonaval o día 31 de xullo.

A nivel dos **colectivos cos que intervimos** durante o accidente foron os seguintes:

- **Familiares:** atendéronse desde o primeiro día do accidente ata o día 31 de xullo, que é cando se deriva a atención aos servizos normalizados. Aquí hai unha extensión de datas ata o 7 de agosto para cumprir co cometido que nos encargou o IMELGA. Os escenarios de intervención foron: nas estacións de tren da Coruña e de Ferrol, no edificio CERSIA e no Multiusos do Sar en Santiago de Compostela mentres estiveron en funcionamento, nos aloxamentos habilitados para as familias, pasando polos xulgados de Fontiñas, e rematando na atención nos domicilios.

- **Veciños de Angrois:** comezou a atención o día 25 nos propios domicilios e rematou o día 31, que foi cando se derivou a atención aos servizos normalizados.

- **Afectados directos:** que están nos seus domicilios e con demanda a través do 112. Recíbense desde o primeiro momento, pero son máis unha vez que se pecha o Multiusos do Sar. Derívase a atención aos servizos normalizados na mesma data que nos demais.



■ **Intervenientes:** a intervención abarca desde o segundo día de intervención ata finais de setembro. Nos primeiros días é directa e individual nos casos detectados con tarefas máis complicadas, a nivel grupal e transmitindo información a través de trípticos cos intervenientes que estiveron na zona cero durante o mes de agosto, e ata finais de setembro a través do correo electrónico e de teléfono.

## Activación e primeiros momentos

A tarde do 24 de xullo Santiago de Compostela preparaba a súa tradicional queima da fachada da catedral a través dun espectáculo pirotécnico deseñado para a ocasión co gallo das festas do Apóstolo. Como cada ano, a seguridade da cidade estaba reforzada pola chegada de centos de axentes da Policía Nacional desde diversos puntos da xeografía española. Na Praza do Obradoiro concentrábanse efectivos de Policía Nacional, de Protección Civil e técnicos de transporte sanitario co cometido de velar pola seguridade durante o acto.

Pouco antes das nove da noite saltaba unha noticia que faría cambiar os plans da cidade: víñase de producir un accidente de tren preto da estación de Santiago de Compostela. A noticia saltou na Comisión Coordinadora do GIPCE a través da Coordina-

dora do Grupo antes da chamada do 112. As primeiras noticias falaban de, polo menos, dez mortos. De seguido comezaron a chegar as primeiras imaxes aos móbiles dun tren descarrilado e aínda fumegando.

A Coordinadora do GIPCE decidiu mobilizar inmediatamente os/as GIPCEs máis próximos cara á zona do accidente e alertar o resto, a pesar de que aínda non se sabía realmente a dimensión do que pasara, e dirixirse á zona do accidente para avaliar a situación. O traxecto ata a zona do accidente foi para a nosa Coordinadora un ir e vir de chamadas orientadas a coordinar o dispositivo e a actualizar a información

sobre o acontecido. Antes de chegar á zona do accidente comunicáronnos desde o 112 que o edificio CERSIA sería o centro de xestión psicosocial ás familias. Dividimos entón os efectivos



Foto cedida por *La Voz de Galicia*

mobilizados: uns dirixíronse ao CERSIA e a Coordinadora e outra compañeira á zona do accidente, a zona cero.

Os/As profesionais que estaban na Praza do Obradoiro formando parte do dispositivo para o festexo desprazáronse rapidamente cara ao lugar do accidente para poder socorrer as persoas feridas e axudar no que se considera o accidente de tren máis grave ocorrido en Galicia.

## As 48 primeiras horas

Este tempo vai desde a noite do día 24 no Posto de Mando Avanzado (PMA) ata as 00:00 do día 26, que é cando se pecha o Multiusos do Sar definitivamente.

O labor iniciouse a **noite do 24** en distintos escenarios. Os primeiros foron o lugar do accidente, onde estaba situado o PMA, e por tanto a dirección da emerxencia; e o edificio CERSIA, o Centro de Xestión Psicosocial onde eran dirixidas ás familias que buscaban noticias dos seus seres queridos.



Foto cedida por *La Voz de Galicia*

A estes dous escenarios iniciais seguiron peticións de atención a familiares tamén nas estacións de tren da Coruña e de Ferrol. O Multiusos do Sar en Santiago de Compostela foi designado como tanatorio ao longo desa noite, aínda que a nosa intervención comeza o día 25 pola mañá, que é cando se abre.

Durante esta noite no CERSIA, as compañeiras encargáronse do punto máis importante da intervención nestes momentos iniciais:

a xestión, o control e a transmisión da información ás familias. O centro permaneceu totalmente activo ata as 4.30 horas da madrugada, aproximadamente. Tras

a visita do Presidente da Xunta de Galicia e a última reunión informativa ás familias, deuse por pechada a actividade para esa noite,

ata a mañá do día 25 ás 8.00 horas. Nesa marxe de tempo foi cando os forenses, a policía científica e o xuíz decidiron o proceso a seguir coas identificacións.

Nese tempo e durante boa parte do día 25, cada actualización de información implicaba un aumento das persoas falecidas.

Esta primeira noite a Coordinadora do GIPCE está no PMA boa parte do tempo. Os obxectivos foron os de avaliar a situación e as necesidades de intervención nos distintos escenarios, xestionar os recursos necesarios para facerlle fronte ás necesidades detectadas e ás distintas peticións de intervención que nos viñan a través do 112 e, a que consideramos unha das máis importantes, o establecemento das bases de coordinación e de transmisión de información cos diferentes responsables dos equipos e profesionais intervinientes. Información relativa ás persoas afectadas directas do accidente e vital para unha intervención posterior coas familias destes que estaban no edificio CERSIA.

Mentres a Coordinadora estaba neste escenario, outros compañeiros e compañeiras comezaban o seu labor organizando a atención e a información ás familias en distintos puntos. O labor central foi no edificio CERSIA, onde estaban a maioría das familias, pero tamén estiveron compañeiras na Coruña e en Ferrol, puntos de destino do tren. Nestas dúas últimas xestionouse o estado emocional dos familiares, así como a información dispoñible a través do contacto coas compañeiras que estaban no CERSIA. Estes dous escenarios pecháronse nesa noite, xa que unhas familias foron dirixidas aos distintos centros hospitalarios e outras ao CERSIA.



Foto cedida por La Voz de Galicia

Este edificio converteuse mentres estivo aberto na nosa central de operacións. Xa desde o inicio da súa apertura a tarefa foi moi intensa. Os labores non se enfocaron simplemente ao traballo co estado emocional das familias. Comezouse coa importante tarefa de xestión, control e transmisión da información dispoñible e iniciáronse os labores de coordinación e de reparto de tarefas cos distintos profesionais e grupos que alí estaban. Para facernos unha idea do complicado que é isto nunha situación así, enumeramos brevemente os distintos profesionais que alí se encontraban: por parte do Concello de Santiago de Compostela estaban traballadores/oras sociais, avogados/as, psicólogos/as, políticos locais, e autonómicos nalgún momento; amen había voluntarios/as de Protección Civil, de Cruz Vermella, Policía Nacional, O61... As tarefas que se adjudicaron entre outros/as profesionais foron as de intendencia e cobertura de necesidades básicas, a xestión de aloxamentos e de desprazamentos, a recollida de datos de filiación, o contraste de listas de feridos/as cos datos de filiación...

O **día 25** a nosa intervención coas familias concéntrase nos dous edificios, o CERSIA, no que están as familias ata a confirmación da identificación, e o Multiusos do Sar, que é onde se dirixen as familias para recoller os seus seres queridos. Pero tamén ao longo do día se intervéñen nos aloxamentos e en Angrois atendendo afectados/as.

A primeira hora da mañá comezan a chegar novamente as familias ao CERSIA. Comunícaselles o procedemento que había que seguir para as identificacións e posteriormente o procedemento decidido na comunicación da confirmación da identificación a cada familia.

Ao mesmo tempo no Multiusos do Sar acordábase co equipo forense o procedemento de traballo a seguir, establecíanse as canles de comunicación co edificio CERSIA, analizábanse e definíanse os espazos de atención ás familias e determinábase o reparto de tarefas e a coordinación con outros profesionais e agrupacións intervinientes.

O proceso que durante todo este día e o día seguinte, o **día 26**, seguiríamos a nivel de traballo coas familias era o seguinte:



Fotos cedidas por La Voz de Galicia



## Comunicación da identificación de novos restos

Durante a primeira semana de agosto xestiónase esta petición do IMELGA referente a varias familias. Este labor de comunicación foi levado a cabo nos domicilios das familias ou por teléfono, segundo residisen na nosa Comunidade ou fóra dela. Dada a sensibilidade da información que se tiña que trasladar, o labor non foi simplemente de meros comunicadores, tamén foi de xestión emocional.

1º Comunicación por parte dos forenses ao **CERSIA** dos nomes das persoas que eran identificadas.

2º Comunicación ás familias de forma individual do anterior; xestión do estado emocional e comunicación do proceso a seguir.

3º Espera, tanto das familias como nosa a que desde o Sar nos confirmasen que podían acudir as familias que nos dicían.

4º Traslado e acompañamento ao Sar.

5º **Chegada ao Sar**, onde os/as compañeiros/as que estaban alí recibían a familia, explicábanlle o proceso a seguir e acompañábana durante o mesmo.

6º Momento da identificación: o máis delicado nesta última parte. Xestionouse en todo momento tanto co equipo forense como cos profesionais que estaban na sala de identificación, coa intención de dar a maior e máis fiel información para que cada familia puidese decidir o que quería facer.

7º Traslado das persoas falecidas a cada lugar de orixe: con esta última tarefa dábase por finalizado o noso labor.

A intervención no Sar pechouse o día 26 ás 00.00 horas. Quedaban 3 corpos por identificar dos 78 que chegou a albergar.

## Do 3º ao 7º día

O **día 27** pola tarde xestionouse coa dirección forense, co Xulgado e coas tres familias que aínda quedaban por recoller aos seus seres queridos a súa entrega. Tres GIPCEs foron os encargados de acompañar no Xulgado de Santiago de Compostela de Fontiñas ás familias. Importante neste sentido foi o labor realizado sobre a toma de decisión de ver ou non os restos.

Ao mesmo tempo, outros GIPCEs estaban atendendo peticións realizadas a través do 112 de veciños/as de Angrois, de afectados directos e familiares, e de intervenientes. Asumíronse todas as que recibimos e o luns 29 iniciamos os contactos coa Consellería de Sanidade para articular a derivación destes colectivos aos servizos normalizados. A suxestión que lles fixemos

desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia é que puxesen en marcha un protocolo de atención rápida que dese resposta en 2-3 días ás demandas de citas en saúde mental. Aínda que a proposta si é aceptada por parte da Administración, non lo-gramos que fose realmente efectiva ata o día 31 de xullo. Neste día, unha vez derivada a atención á Consellería, o GIPCE deixou de atender definitivamente as demandas recibidas neste sentido. Coas peticións que seguimos recibindo nas semanas posteriores fixemos un labor de información, e nos casos precisos de xestión directa cos profesionais sanitarios e cos responsables públicos de coordinar esta atención.

## Coidado dos intervinientes

Unha vez pechado o dispositivo de intervención coas persoas afectadas do primeiro nivel, estrutúrase o protocolo de actuación para a intervención e o apoio aos/ás profesionais e voluntarios/as, especialmente os/as que estiveron a intervir na zona cero. No deseño de todo este plan queremos agradecer tanto aos compañeiros e compañeiras do Grupo de Acción Comunitaria que integran o SIRA, pola dispoñibilidade continua que tiveron con nós, a información e as recomendacións que nos deron, como cos compañeiros e compañeiras da Red Iberoamericana de Psicología de Emerxencias (RIPE), pola información que nos proporcionaron.




Os **plans de intervención con intervinientes** que se poñen en marcha van en dúas direccións:

□ **Unha interna**, de coidado dos/as GIPCEs intervinientes. Este plan contempla:

- I. Atención directa a quen o puidese necesitar.
- II. Unha reunión interna á semana do accidente coa intención de compartir a vivencia experimentada.
- III. Unha rolda de chamadas de teléfono polos/as compañeiros/as do Grupo de Apoio a Intervenientes (GAI) do GIPCE que non interviñeron coa intención de avaliar o estado de cada un de nós.
- IV. Facilitación a todos os/as intervinientes dos seus teléfonos e correos electrónicos para calquera consulta.
- V. Adianto ao 7 de setembro do obradoiro de autocoidado previsto para o ano seguinte.

□ **Outra externa**, de coidado dos profesionais e voluntarios. Este plan contempla:

- I. Atención directa durante a intervención e nos días posteriores de quen o puidese necesitar.
- II. Dúas sesións presenciais de desafogo emocional cos que o soliciten, unha despois da intervención e outra aos dous meses.
- III. Documentación por escrito en formato tríptico “Recomendacións de autocoidado para intervinientes tras o accidente de tren Alvia”.
- IV. Distribución dun cartel informativo aos distintos dispositivos cun número de teléfono e un correo electrónico para consultas psicolóxicas, dispoñibles ata mediados e finais de setembro respectivamente. Desta atención encárgase o noso Grupo de Apoio a Intervenientes (GAI).



Para levar a cabo estes plans de coidado, a Coordinadora do GIPCE púxose en contacto cos responsables dos diferentes dispositivos para informalos das distintas opcións pensadas. A todos se lles fixo chegar tanto a información do tríptico como dos contactos para asesoramento psicolóxico. A reunión de desafogo emocional só se fixo cando se solicitou explicitamente.

Coas reunións de desafogo mantidas cos distintos profesionais, os obxectivos que se perseguiron foron os de dar espazo para expresar, de integrar o vivido, de normalizar as reaccións, de reforzar os recursos propios, etc. A asistencia e a participación era totalmente voluntaria. Os grupos cos que se tivo reunión foron:

- **Bombeiros:** a tarde do 12 de agosto foi coa agrupación de bombeiros de Santiago de Compostela e o 29 coa dos parques comarcais.
- **Policía Local de Santiago de Compostela:** lévase a cabo cos que estiveron na zona cero a mañá do 9 de agosto.



■ **Agrupacións de Protección Civil:** a tarde do 8 de agosto reunímonos cos mandos das agrupacións municipais de Protección Civil para avaliar o estado dos seus integrantes e detectar necesidades posteriores. Informouse da posibilidade de ter reunións específicas coas agrupacións que así o solicitasen.

## Atención e intervención nos medios

Medios escritos, radios e televisións locais, autonómicas, nacionais e internacionais interesáronse desde un primeiro momento polo traballo dos psicólogos e psicólogas no accidente de tren. Tan importante foi percibido o noso labor nestes momentos.

Desde un primeiro momento decidiuse que tiña que haber unha única voz e que esta debía ser quen coordinaba o dispositivo, a Coordinadora do GIPCE. A pesar desta decisión, a intensa e esgotadora maratón que se prolongou durante o mes seguinte ao accidente fixo que se derivasen entrevistas e artigos de opinión a outros compañeiros e compañeiras do Grupo e do COPG, e que tamén a responsable de comunicación satisfíxese peticións dando información sobre o dispositivo. A derivación fíxose unhas veces por falta de dispoñibilidade, outras por acumulación de medios ou simplemente por esgotamento. **Foron 67 as demandas realizadas polos medios das cales se atenderon 54, que**

Este enorme interese implicou tamén unha gran responsabilidade. Responsabilidade da que sempre fomos conscientes no GIPCE, xa antes do accidente. Responsabilidade de cara ao control de rumores nun primeiro momento, responsabilidade na difusión adecuada do labor dos/as profesionais da psicoloxía neste tipo de situacións, tan difícil de transmitir polos mesmos profesionais en ocasións, e responsabilidade no relativo á saúde coa sociedade, coas propias persoas afectadas e cos intervinientes, difundindo mensaxes tranquilizadoras sobre a súa evolución a nivel de saúde mental, intentando facer neste sentido un labor de prevención e de psicoeducación.



Foto cedida por La Voz de Galicia





## Actos institucionais

### Acto de agradecemento dos Príncipes de Asturias

O día 26 pola tarde asisten a Decana do COPG e a Coordinadora do GIPCE a este acto organizado coa intención de agradecer o labor realizado a todos os profesionais intervinientes.

Dicir que nese momento aínda se estaba a traballar e que tivemos que deixar o dispositivo para poder asistir. O mesmo lles pasou a outros profesionais que aínda estaban en plena tarefa.

### Funeral relixioso

A tarde do 29 de xullo foi sen dúbida un dos momentos máis gratificantes e de cohesión de Grupo que tivemos. Recibimos o cariño e o agradecemento das familias coas que pasamos tantos momentos duros os días anteriores. A emoción que floreceu facilitou que tamén nós nos deramos permiso para poder liberar e expresar toda a tensión acumulada. Choramos, abrazámonos, bicámonos, felicitámonos... Toda unha catarse de emocións contidas.

Ao acto asistiron por unha banda, a representación política, tanto dos distintos partidos como do goberno nacional e autonómico, así como os Príncipes de Asturias. E por outra banda, a representación de todos os profesionais que interviñeron, as familias, os/as afectados/as e os/as veciños/as de Angrois. No noso caso, asistimos por partida dobre, como representación e tamén a nivel preventivo para as familias.



Fotos cedidas por *La Voz de Galicia*



### **Acto civil de Bonaval**

Non só foi un acto próximo e emotivo; para nós supuxo tamén o recoñecemento como colectivo profesional, de aí que mereza un apartado especial.

Próximo porque deu a palabra aos realmente protagonistas do accidente: as persoas afectadas, os/as veciños/as de Angrois e os/as profesionais. Emotivo porque cada unha destas partes intentou transmitir, á sociedade en xeral e aos afectados en particular, o sentir de todos e todas aos que representaban. Transmitir á veciñanza de Angrois o noso recoñecemento e a nosa gratitude. Transmitir ás familias toda a nosa forza para percorrer o duro camiño que lles espera, e o noso máis fondo cariño.

A voz cara á sociedade e cara ás persoas afectadas recaeu no caso destes en M<sup>a</sup> Esperanza, que perdeu a súa parella no accidente. As voces dos/as veciños/as de Angrois foron as de Anxo e a de Isidoro, e a voz dos/as profesionais foi a voz da Coordinadora do GIPCE. Ela foi a encargada de poñer en palabras o sentimento de todos os compañeiros e compañeiras que traballamos nos distintos momentos do accidente.

Xunto ao texto leuse tamén un poema que escribiu a nosa compañeira Concha Rousía nos días posteriores á intervención, na que ela tamén estivo.

Estes son o texto e o poema que foron lidos no acto:

**“Benqueridos compañeiros  
e compañeiras de intervención,**

*Estamos aquí todos como un só equipo, sen uniformes, sen chalecos.  
Todos unidos e guiados pola dor das familias. A vosa dor é a nosa dor.  
A vosa dor conduciu nos no noso labor.*

*A nosa maior recompensa, o voso agradecemento.  
A nosa maior satisfacción, saber que puidemos ser da vosa axuda.*

*Queridas familias, tede por seguro que todos demos o mellor de nós  
mesmos tentando non engadirvos máis sufrimento. Esperamos de  
corazón que fose así e pedímosvos perdón se nalgún momento non  
o logramos.*

*Por favor, pensade que sempre tentamos facelo o mellor posible.*

*Desde o noso Grupo queremos agradecervos a todos os profesionais  
o voso traballo, o voso esforzo, a vosa axuda, o voso coidado, tanto  
cara ás familias como cara a nós mesmos.*

*Aprendemos que entre tanta dor é posible o entendemento.*

**Benqueridos veciños de Angrois,**

*Os focos pasarán e a vosa bondade perdurará. Na nosa memoria, na  
dos nosos fillos, na dos nosos netos, na do noso país.*

*Grazas a vós sabemos que os heroes existen. Que están entre nós,  
descoñecedores da súa condición.*

*Grazas a vós sabemos que sempre que os precisemos, manifestaranse.  
Grazas a vós sentímonos todos mellores persoas.*

**Benqueridas familias,**

*A vosa dor e o voso sufrimento angústianos.*

*A vosa enteiraza ensínanos.*

*O voso agradecemento emocionáanos.*

*A vosa forza dáanos confianza.*

*Sodes parte de nós, da nosa historia persoal e  
profesional. O contacto con vós ensinounos a  
ser máis humanos, mellores profesionais.*

*Non podemos imaxinar a dor inmensa que  
sentides, pero queremos que saibades do  
enorme cariño que todos os presentes vos  
queremos transmitir hoxe aquí.*





*Agárdanos momentos moi duros por vivir. Nós retirámonos e quedan ao voso carón a familia e os amigos. Sabede que coa súa axuda e apoio, nalgún momento veredes a luz ao final do túnel. Porque aínda que agora vos pareza que non a hai, está aí, esperando por vós.*

*E se nos momentos duros do camiño que vos toca percorrer vos serve de algo, por favor, lembrade este preciso intre. Todos, os que estamos aquí, os que están a escoitalo na radio ou a velo na televisión, mandámosvos toda a nosa forza, todo o noso cariño, todo o noso ánimo. Esperamos de corazón que vos chegue e vos acompañe.*

### **Estrela Preta**

*(Brazos ao ceo infinito... de **Concha Rousía**)*

*Vestín-me con abrazos feridos  
e meu corpo encheu-se de nuves  
negras, preñadas de prantos*

*Unha cintiña colada con sangue  
para cada corazón partido  
rasguei-me en tantos pedaciños...*

*Um foi para Xunqueira de Ambía outro para Ortigueira,  
para Ourense, Vigo, Tui, Pontevedra, Zas, Mazaricos  
Barallobre, Ferrol, Corunha, Rianxo, Pontecesures,  
Rois, Ribeira, Touro, Lugo, San Pedro de Visma,  
e Santiago... Santiago... Santiago  
Ainda outros para Guipúzcoa, Madrid, San Fernando, Alicante  
E para Italia, Francia, Colombia, México, Florida, Arxelia  
República Dominicana, Brasil...  
E aínda mais lugares... e aínda mais lugares...*

*Os meus ollos choraron para dentro*

*Condensando a dor en lágrimas negras  
de vez em cando pasan polos meus ollos  
e choro chapapote sen ter a estrada enfrente*

*Rostros perdidos me habitan para sempre  
talvez nunca mais os toque  
talvez nunca mais os vexa...*

*mesmo que xamais os esqueza  
mesmo que xamais os esqueza..."*

## Perspectivas de futuro

---

Saímos desta proba máis reforzados. Máis GIPCE. Máis GIPCEs. Saímos mellores profesionais e queremos crer que mellores persoas.

Non o esquezamos, necesitaremos lembralo e que nolo lembren. Porque o camiño que xa estamos a percorrer, que seguimos percorrendo, queridos/as compañeiros e compañeiras, é novamente o das trincheiras. O do día a día. E pronto comprobaremos que todo sigue igual. A evolución inmediata non será a que todos e todas desexamos. Aínda así, tede por certo que o traballo realizado supón un claro paso adiante nesa dirección.

Que esta previsión de futuro inmediato non nos desanime nin nos despiste. Da historia propia e allea aprendemos. A historia doutros grupos que xa pasaron por este punto do traxecto dinos que é o que ocorrerá. Pensemos simplemente que é posible que sexa así, e preparémonos por se chega. Preparémonos como o fixemos neste tempo, traballando día a día, na sombra. Confíemos e deixemos que sexa a nosa historia a que nos marque o camiño a seguir.

Porque do traballo saíu o que é o GIPCE actualmente e do traballo nacerá o GIPCE futuro.



Futuro

## Agradecimientos

## Agradecimentos


Unha vez finalizada a nosa intervención no accidente de tren Alvia, chega a toma de conciencia da tarefa realizada e de todas aquelas persoas, profesionais, servizos, institucións, agrupacións, etc., que coa súa profesionalidade e calidade humana facilitaron unha tarefa de tales dimensións.


Os nosos agradecimentos van para todos eles: para todas aquelas persoas responsables e representantes de diferentes servizos, institucións, administracións...; para os compañeiros e compañeiras de todos os dispositivos que estiveron a traballar con nós, e para os que non estiveron pero mostraron a súa disposición desde o primeiro momento; expresar o máis sincero recoñecemento e admiración ao labor dos veciños de Angrois no accidente ferroviario. Para os compañeiros e compañeiras que estiveron traballando no COPG; para a nosa querida Eliana, fundamental para difundir o noso traballo nos medios de comunicación; para

o noso querido ex-Coordinador Miguel Anxo, a súa visión do que debía ser o GIPCE tróuxonos ata aquí; e por último a nosa prezada Decana, Rosa, polo seu labor en todos estes días e polo apoio de todos estes anos.

Tamén recibimos como Grupo diferentes mostras de recoñecemento; unhas viñeron da voz de compañeiros/as de profesión, outras de grupos de emerxencias doutras comunidades, de representantes políticos, de agrupacións... As máis valiosas de todas, as do corazón das familias das vítimas, que han quedar con nós para sempre.

Todo o recoñecemento recibido fainos sentir que foi importante o noso labor así como a maneira de levalo a cabo e renovan o noso compromiso de continuar traballando e madurando para dar unha resposta eficaz, humana e profesional naquelas situacións onde sexa necesario o GIPCE.





Colexio Oficial de  
Psicoloxía de Galicia

Rúa da Espiñeira, 10-Baixo  
15706 Santiago de Compostela  
Tfno.: 981 534 049  
Fax: 981 534 983  
coggalicia@cop.es  
www.coggalicia.es

**Membro da EFPA**

Federación Europea de  
Asociacións Profesionales  
de Psicológos

D.L.: C 264-2008

Foto cedida por La Voz de Galicia



O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) desexa expresar as súas sinceras condolencias con todas as vítimas e os seus seres queridos do accidente ferroviario.